



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-6

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

22 de Marzo de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:02

Hora de Finalización

13:29

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 16.03.2023 (ACTA 2023/5)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 13 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO AMBITO DE COLABORACION COAS ENTIDADES LOCAIS, E SE PROCEDE A SUA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2023 (TR351A)

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde do 13 de marzo de 2023**, da Consellería de **Promoción do Emprego e Igualdade**, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas e subvencións para o fomento do emprego e **mellora da empregabilidade** no ámbito de colaboración coas entidades locais; así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto do servizo para a que se solicita subvención, a saber: **Programa de atención das piscinas municipais. mediante a contratación de dous bañistas-socorristas.**

E como queira que o concello non conta con convenio colectivo propio, aprobar a seguinte táboa retributiva para os traballadores a contratar con esta subvención:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

| NÚM. TRAB. | GRUPO COTIZ SS | OCUPAC. | CNAE 2009 | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | |
|----------------------|----------------|---------------------|-----------|------------------------|-----------------|---------------|---------------------|-------------------|--------------|----------------------|
| | | | | SALAR. BRUTO | % COTA PATR. SS | COTA PATR. SS | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURA. CTTO. MESES | TIPO XORN. % | CUSTOS SALAR. TOTAIS |
| 2 | 10 | BAÑISTA SOCORRISTA. | 8411H | 1.260,00 | 35,20 % | 443,52 | 1.703,52 | 3 M | 100 % | 10.221,12 |
| TOTAL SUBVENCIONABLE | | | | 1.260,00 | | 443,52 | 1.703,52 | | | 10.221,12 |

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de **Promoción do Emprego e Igualdade**, ó abeiro da Orde da devandita Consellería de data 13 de marzo de **2023**, o financiamento do 100% dos gastos salariais totais correspondentes para a contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

CUARTO. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, así como o compromiso de financiar o importe que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

QUINTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería.

3º. CERTIFICACION NUM. 2, LIQUIDACIÓN DA OBRA "LIMPEZA DE CANAL EN NOCEDO DO VAL" SUBVENCION DA ORDE DO 21.12.2021 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. REDE NATURA 2000.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Dirección de Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, de data **12 de agosto de 2022**, das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en Concello incluídos na **Rede Natura 2000**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020., para a execución da actuación chamada "**Limpeza de Canal en Nocedo do Val**", (**MT814A/32/2022/000015/C**)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm. 2, liquidación** da devandita obra denominada "**Limpeza de canal en Nocedo do Val**", cofinanciada pola **Dirección de Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, por un importe de **10.692,95 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 2 liquidación**, da obra denominada **“Limpeza de canal en Nocedo do Val**, por un importe total de **10.692,95 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura núm. A/58 de Excave 2000, S.L.** de data **21/03/2023** correspondente a certificación núm. 2 liquidación, da devandita obra, por importe de **10.692,95 euros**.

TERCEIRO. **Facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e contratación das obras **cumpríuse a normativa comunitaria e nacional de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

